

## A. CUIÑAS



**“Regresei a España coa idea de crear unha empresa para poder aproveitar a miña experiencia profesional”**

*Anselmo Cuiñas Iglesias*

### Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Elaboración artesanal de queixo e derivados lácteos ecolóxicos
<b>Sector de actividade</b>	Comercio maiorista e minorista
<b>Nº empregados</b>	1
<b>Inversión inicial</b>	120.200 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado de forma íntegra con fondos propios
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Ourense, Ourense
<b>Ano creación:</b>	1999

### Descrición do proxecto

Comercialización de ferramentas de construción e bricolaxe.



## Datos empresa

### Claves do éxito

- Ferramentas de moi boa calidade. É a única tenda en Ourense que vende a marca HILTI. Moita xente acode só a observar as ferramentas debido ao seu grande prestixio.
- Calidade no servizo.
- Ofrezo un servizo integral. Eu mesmo encárgome do servizo técnico (reparacións, etc.).

### Situación actual

Na actualidade, o mercado está un pouco parado, pero hai que seguir adiante, tratando de mellorar día a día.

### Perfil cliente

O perfil do meu cliente é moi variado.



## Idea inicial

O propietario da empresa na que traballaba en Suíza xubilóuse e pechou o seu negocio ; entón volvíu a España coa idea de crear unha empresa semellante dentro da mesma actividade e sector, para poder aproveitar así a miña experiencia profesional.

Teño vocación empresarial e grandes aptitudes como emprendedor, polo que me decidín a poñer en práctica a miña idea.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio, tiven que entrontarme aos problemas típicos de dificultades de financiamento, trámites burocráticos ou introdución no mercado.

En canto ao futuro, non contemplo ningunha ameaza en particular.

## Perfil promotores

O promotor fixo varios cursos de especialización na empresa.

Aporta ademais experiencia profesional en Suíza no sector da maquinaria. Traballou 25 anos en Ochsner AG de Zurich como mecánico reparador de maquinaria de construción e xefe de taller.

## Aptitudes necesarias

A capacidade de observación para captar ideas interesantes do entorno.

## Guía de Actividad

**Comercio de proximidade** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta    Demostrar aos demais as miñas capacidades  
Saír do desemprego**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Si, un Seminario de Formación Empresarial do IGAPE.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si, considéroo importante.

## Anecdotario

Non dispoñible

